

JULIO GOLÁN MÍGUEZ, ENCARGADO DO SERVIZO MUNICIPAL DE EMERXENCIAS DE TEO

INFORMA:

Que en relación á solicitude de servizo presentada polo departamento de cultura do concello para a realización da cabalgata anual dos Reis Magos, na que se pide o control e seguridade durante á chegada da comitiva á estación ferroviaria sita en O Sebe-Calo.

Non se considera viable, en canto a seguridade, a recepción da comitiva dentro das instalacións pertencentes á estación polos motivos que se sinalan a continuación:

- Barreiras físicas fixas, que impidan o acceso do andén á via ferrea, inexistentes.
- Ancho de andén insuficiente de acera, que oscila entre os 3,8mtr e 6,6mtr no espazo máis ancho, para albergar ao número de asistentes previsto.
- Tráfico ferroviario aberto, polo que existe un tráfico de maquinaria que ao seu paso pola zona acada velocidades punta.
- Desnivel considerable entre o andén e as vías ferreas, que se atopan entre 0,6mtr e 0,8mtr., mais baixas que o andén.
- A maior parte dos asistentes previstos para a recepción dos Reis Magos son nenos/as de curta idade que empregan as instalacións próximas á via para correr e xogar libremente sen conciencia do perigo que realmente esto conleva.





Por isto, dende o departamento do Servizo Municipal de Emerxencias, se considera que nin existen nin é viable dispor de medidas suficientes que garantan a total seguridade dos asistentes durante a celebración do evento, chegando a consideralo negligente dado o tipo e idade do público ao que vai dirixida dita actividade.

É o que informo en Teo, a tres de xaneiro de 2019.

Julio Golán Míguez

Encargado do SME

